

## Os orzamentos da Consellaría de Educación para 2019 revelan unha redución do profesorado até niveis inferiores a 2015

*Comparativamente con 2018 o número de docentes sufrirá, en xeral, un recorte de 111 postos de traballo.*

- *As ofertas de emprego non serven para crear novos postos de traballo e en 2019 mesmo se destruírán.*
- *Os orzamentos non prevén que poidamos recuperar os horarios lectivos pre-Feijóo: 18 horas en Secundaria e 21 en Primaria.*
- *Perdemos diñeiro. Para recuperar o que perdemos de poder adquisitivo este ano terían que pagarnos en xaneiro unha paga adicional (como farán coas persoas xubiladas) de entre 175€ e 270€ segundo o grupo ao que se pertenza.*
- *A Consellaría mantén a inercia e perde peso*


*En 2019  
haberá 111  
docentes menos, o  
que significa volver a  
cifras anteriores  
a 2015*

*específico nas contas xerais da Xunta.*

- *Para fomentar o galego dedícanse só 0,71€ de cada 1.000€. Toda unha declaración de intencións.*
- *Os fondos destinados a subvencións e concertos crecen por riba da media dos orzamentos da Consellaría.*

A perda de efectivos nos corpos de Mestres e de Profesorado Técnico de FP está fixada en 340 prazas e non se ve compensada co incremento en 229 postos do grupo A1 (fundamentalmente Profesorado de Ensino Secundario).

Confírmase a denuncia da **CIG-ENSINO** sobre o acordo dos sindicatos estatais cos gobernos de Madrid e Galiza para as ofertas de oposicións nestes anos: non só non van implicar aumentar profesorado a nivel global senón que mesmo se reducirá, o que pode agravar a situación do persoal interino para o que a **CIG-ENSINO** segue a demandar un acordo de estabilidade.



*Evolución da relación entre os orzamentos da C. de Educación cos orzamentos xerais da Xunta*

A **CIG-ENSINO** denuncia que os orzamentos da Consellaría de Educación para o vindeiro ano levarán implícita unha redución de persoal dun 0,40% rompendo a tendencia dos últimos exercicios, nos que se mantiña conxelada a cifra na partida de persoal, e retrotraéndonos a cifras anteriores ao ano 2015. Os orzamentos de 2019 consignan un total de 29.987 docentes fronte a 30.098 dos dous últimos anos.

Nas contas da Consellaría confírmase tamén que o goberno galego non ten intención, como xa ficou demostrado na farsa da negociación das retribucións, de negociar a recuperación das horas lectivas en Secundaria e das 21 en primaria, xa que esta medida implicaría un incremento de postos de traballo. Así mesmo, tamén se pon de manifesto, como denunciou a **CIG-ENSINO**, “que as tan cacarexadas amplas ofertas de emprego por parte da administración e dos sindicatos estatais do acordo de emprego, non só non van servir para ir recuperando os arredor de 3.000 efectivos perdidos desde 2010 no ensino público en Galiza senón que mesmo nos van situar en cifras semellantes a hai catro anos”.

### **Educación, a terceira que menos medra de toda a Xunta**

Na avaliación que fai a central sobre o proxecto de orzamentos da Consellaría tamén se destaca que Educación será o terceiro departamento da Xunta que menos medrará o ano que vén, cun 2,93% de incremento, só por riba do de Facenda e Presidencia, e moi por debaixo do aumento medio da Xunta, situado nun 7,80%. Neste sentido, salientase que “un

## **VARIACIÓN ANUAL DOS GASTOS POR CONSELLARÍAS 2018-2019**

<b>CONSELLARÍAS</b>	<b>VARIACIÓN</b>
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	37,05%
ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	10,98%
TOTAL XUNTA	7,80%
VICEPRESIDENCIA	4,69%
POLÍTICA SOCIAL	4,61%
MEDIO RURAL	4,16%
MAR	3,91%
SANIDADE	3,20%
<b>EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FP</b>	<b>2,93%</b>
FACENDA	2,78%
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	-7,74%
PRESIDENCIA	-13,67%
<p><i>A Consellaría de Cultura é de nova creación, polo que non se computa a súa variación ao respecto do 2018. A queda do 7,74% de Infraestruturas está relacionada co paso de Vivenda á Consellaría de Medio Ambiente e Territorio, o que explica tamén o incremento orzamentario por riba da media. Tendo en conta estas variábeis a Consellaría de Educación é, despois de Presidencia e de Facenda, a que menos medra de todas.</i></p>	

ano máis, a Consellaría perde peso específico no conxunto do goberno galego e o diñeiro que xestionará suporá o 21,18% do total da Xunta, fronte ao 22,19% do ano 2018 e moi lonxe do 26% que superou nos exercicios de 2007 e 2008”.

### **Mantense a perda de poder adquisitivo con retribucións desvinculadas do IPC**

Cos últimos datos do IPC o profesorado galego rematará 2018, como nos últimos anos, perdendo poder adquisitivo, e iso tendo en conta que se xogou con todos os empregados públicos e co persoal docente en

particular, con acordos asinados coa escusa da recuperación do arrebatado en anos anteriores. Pero non só non se recupera nada, senón que a carestía da vida está por riba do que soben os nosos salarios. Ademais, a desvinculación do IPC e a non incorporación dunha cláusula de revisión salarial nos pactos asinados polos sindicatos estatais “van impedir que teñamos unha paga como a que terán as persoas xubiladas en xaneiro”. Se existise esa cláusula de revisión salarial o persoal docente tería que percibir unha paga adicional de compensación pola desviación do IPC no 2018 (actualmente no 0,6%) e que, a

modo de exemplo, se concretaría da seguinte maneira :

- unha mestra de primaria sen ningunha antigüidade percibiría unha paga adicional de **175€**.

- unha profesora de secundaria con 30 anos de servizo tería que percibir unha paga de **270€**.

### **Non se aproveitan os orzamentos para eliminar os recortes salariais do persoal substituto**

Aínda no capítulo de persoal, as partidas de Educación seguen sen recoller un dereito recortado por Feijóo e que lle permitía ao profesorado substituto que traballaba 5 meses e medio ao longo dun curso cobrara os meses de verán. Déixase así, unha vez máis, en papel mollado o que se recolle no acordo de persoal interino. Este recorte foi aplicado coa escusa da crise e limitado no tempo mais a realidade é que a Xunta de Feijóo mantén esa medida malia declarar a diario que a situación económica é de recuperación.

### **O fomento da lingua, baixo mínimos.**

A normalización lingüística, segregada tras o último cambio de goberno da Consellaría de Educación, frea o escaso crecemento que tivo no exercicio de 2018. A CIG-EnsinO denuncia que para o ano 2109 o incremento de fondos baixa ao 5,98% (a metade do que subiu o ano anterior) e supón unha contía lixeiramente superior aos 8 millóns de euros. Isto supón que o goberno galego dedica só 0,71€ por cada 1.000€ a fomentar a nosa lingua.

### **Deixar de pagar por enfermar, pendente.**

*De existir unha cláusula de revisión salarial que vinculase a suba do soldo co IPC, en xaneiro de 2019 teríamos que recibir unha paga adicional que oscilaría entre os 175 e os 270 euros, como a que vai cobrar o colectivo de pensionistas.*

Fronte a anuncios propagandísticos desde hai case un ano, a eliminación da penalización por enfermar está aínda pendente dunha modificación da Lei 2/2015 de emprego público. A proposta da Xunta limita o pagamento ás retribucións do primeiro mes, impedindo que aumentos salariais que se produzan durante a baixa poidan cobrarse. A CIG presentou alegacións contra esta proposta e o tema aínda está pendente de resposta por parte da administración.

### **Servizos complementares e outro persoal nos centros**

Nos orzamentos do 2019 segue conxelada a partida destinada a comedores escolares, ao tempo que asistimos a espectáculos bochornosos como os denunciados pola CIG-EnsinO a finais de setembro cos problemas de subministro nunha vintena de centros escolares pola xestión indirecta e privatizada pola que segue a optar a Xunta. Tamén a partida destinada ao transporte escolar volve reducirse un ano máis, neste caso un 0,35%.

No tocante ao persoal administrativo, a Consellaría segue a negarse a incrementar os postos de traballo nos centros “para poñerlle freo á crecente burocratización das tarefas que se lle asignan ao profesorado, en detrimento das nosas funcións docentes”. Tampouco se toma a iniciativa para incluír outros perfís profesionais nos centros docentes (como educadores

sociais, fisioterapeutas e outro persoal sanitario) como existen noutras comunidades autónomas ou como se financia a súa contratación en centros concertados en Galiza.

Tamén neste apartado, a CIG-EnsinO critica que se manteña o sistema de subvención parcial dos libros de texto, impedindo que todo alumnado teña o dereito a material escolar de balde.

### **As subvencións e concertos co ensino privado soben por riba da media dos orzamentos da Consellaría.**

O sindicato, na avaliación destas partidas, tamén quixo poñer o foco no total de transferencias que se orzamentan para entidades privadas (nas que se inclúen os concertos e outras subvencións a entidades educativas privadas) e que medran un 3,58%, o que implica unha suba superior ao 2,93% do crecemento total das contas da Consellaría. Mais esta suba é aínda superior no caso dos concertos educativos, situada nun 3,92%, un punto porcentual por riba dos orzamentos da Consellaría. “O cambio de cara á fronte da Consellaría semella que non vai supoñer ningún cambio transcendente de políticas e que a aposta polo ensino privado en detrimento do público, o mantemento dos recortes e a desgaleguización seguen sendo os principais eixos da Consellaría estea quen estea á súa fronte”.

Eleccións Sindicais 2018

#4decembro



# Gañarmos o FUTURO

Ensino público galego  
Profesorado con dereitos